

Seguro Autos

Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA SEGUROS, S. A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, con domicilio social en España (clave DGSFP C-0502)
e LIBERTY SEGUROS, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S. A., con domicilio social en España (clave DGSFP C-0467)

Produto: Seguro Moto BBVA

A información precontractual e contractual completa do produto proporciónase noutros documentos.

En que consiste este tipo de seguro?

É un seguro dirixido a propietarios e condutores de automóviles para cubrir a obriga de indemnizar os danos e perdas causados a terceiros, os danos que poida sufrir o propio vehículo asegurado e os que poidan sufrir o seu condutor e/ou os ocupantes en caso de accidente de tráfico.



Que se asegura?

Responsabilidade civil obrigatoria:

- ✓ Límite para danos ás persoas: 70 millóns de euros por accidente e sexa cal sexa o número de vítimas.
- ✓ Límite para danos nos bens: 15 millóns de euros por accidente.

GARANTÍAS OPCIONAIS

- Responsabilidade civil voluntaria (límite: 50 millóns de euros por accidente).
- Responsabilidade civil da carga (límite: 100 000 euros por accidente).
- Responsabilidade civil como peón ou ciclista (límite: 60 000 euros por accidente).
- Defensa penal: ofrece protección xurídica (límite: 600 euros para libre elección de avogado e procurador).
- Reclamación de danos: reclamación amigable ou xudicial ao responsable (límite: 600 euros en caso de libre elección de avogado e procurador).
- Multas: asesoría fronte a sancións administrativas por infraccións de tráfico.
- Asistencia en viaxe: ao vehículo e ás persoas.
- Accidentes de ocupantes: por morte, invalidez permanente e gastos de asistencia sanitaria (máximo un ano e 6000 euros para a atención no estranxeiro ou se en España se acode a médicos e centros de libre elección).
- Danos ao propio vehículo.
- Incendio.
- Roubo.
- Sumas aseguradas: á parte dos indicados, pode haber outros límites de indemnización en determinados casos.



Que non está asegurado?

esumimos as principais exclusións; tes a súa totalidade ao teu dispor na nota informativa e nas condicións xerais.

- ✗ Responsabilidade civil obrigatoria.
- ✗ Lesións ou falecemento do condutor do vehículo asegurado.
- ✗ Danos sufridos polo vehículo asegurado, polas cousas transportadas nel ou en bens propiedade do asegurado, propietario, condutor e determinados parentes.
- ✗ Danos ocasionados polo vehículo asegurado cando fose roubado.

RESTO DE COBERTURAS

- ✗ Danos e perdas causadas cando o condutor estea baixo os efectos de bebidas alcohólicas, drogas, tóxicos, estupefacientes ou substancias psicótropas.
- ✗ Danos ocasionados cando o condutor careza do permiso válido ou incumprise a retirada deste.
- ✗ Danos que se produzan cando se infrinxisen as disposicións regulamentarias; por exemplo, número de persoas transportadas.
- ✗ Danos que se produzan cando o vehículo se use en carreiras, concursos, apostas ou desafíos.
- ✗ Danos que se ocasionen cando o vehículo circule por lugares non autorizados ao tráfico ou dentro do recinto de portos e aeroportos.
- ✗ Danos que se produzan transportando o vehículo asegurado materias inflamables, explosivas ou tóxicas.
- ✗ Avarías mecánicas, desgastes por uso ou defectos de construción.
- ✗ Danos que afecten aos pneumáticos.
- ✗ Riscos cubertos polo Consorcio de Compensación de Seguros (entidade pública empresarial que desempeña múltiples funcións no ámbito do seguro, entre outras a cobertura dos riscos extraordinarios)..

Seguro Autos

Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA SEGUROS, S. A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, con domicilio social en España (clave DGSFP C-0502)
e LIBERTY SEGUROS, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S. A., con domicilio social en España (clave DGSFP C-0467)

Produto: Seguro Moto BBVA



Existen restricións no que respecta á cobertura?

Resumimos as principais restricións; tes a súa totalidade ao teu dispor na nota informativa e nas condicións xerais.

- ! En caso de sinistro total (custo de reparación superior ao 75 % do valor do vehículo en cada momento), a prestación pode ser inferior ao valor de adquisición.
- ! Nalgunhas garantías o asegurado deberá asumir parte do importe da indemnización.
- ! Nalgunhas garantías a cobertura non se inicia ata unha data posterior á contratación (período no que aínda non se ten cobertura).



Onde estou cuberto?

- ✓ Espazo Económico Europeo e estados adheridos ao convenio multilateral de garantía, así como Marrocos, agás as garantías de defensa penal, reclamación de danos e multas, retirada de permiso de conducir, asistencia en viaxe e vehículo de substitución, que teñen os seus respectivos ámbitos territoriais, segundo o indicado no contrato..



Cales son as miñas obrigas?

- Responder as preguntas da aseguradora previas á contratación e comunicar calquera cambio posterior na información proporcionada, por exemplo, que o vehículo está conducido por menores de 21 anos e/ou un permiso de conducir de menos de 3 anos de antigüidade se o carné é de tipo B ou de menos de 2 anos se é de tipo A.
- Efectuar o pagamento nas condicións indicadas no contrato.
- Solicitar a prestación e facilitar a información que lle requira o asegurador.



Cando e como teño que efectuar os pagamentos?

- O primeiro pagamento no momento da contratación e os seguintes, por anticipado, na data prevista no contrato.
- Os recibos páganse mediante domiciliación bancaria, a non ser que se pacte outra cousa.



Cando comeza e finaliza a cobertura?

O seguro entra en vigor e finaliza no día e hora indicados no contrato, sen prexuízo do indicado no apartado "Como podo rescindir o contrato?".



Como podo rescindir o contrato?

No momento da contratación: se o contrato se realizase a distancia (teléfono, Internet, correo electrónico ou similar), poderá desistir del mediante comunicación fidedigna ao asegurador, nun prazo máximo de 14 días tras a recepción da información previa e a documentación contractual.

Antes da renovación: se no contrato se establece unha duración anual renovable, poderase opoñer a que se prorrogue comunicándollo por escrito á aseguradora, con polo menos un mes de antelación á data da seguinte renovación, no seguinte enderezo de LIBERTY: Paseo de las Doce Estrellas, 4 - 28042 Madrid ou no correo electrónico cochebbvaemision@libertyseguros.es.